

## ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DE DONIÑOS DO DÍA 27 DE SETEMBRO DE 2016

No local da Asociación de Veciños de Valón, situado no Lugar da Torre s/n, Ferrol, ás 18:04 horas, celebrouse a Asemblea de Barrio de Doniños cos seguintes **asistentes**:

Polo Goberno municipal:	José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado titular da área de Participación, Seguridade e Tráfico, Emprego e Normalización Lingüística		
Traballador/a municipal:	José Ramón Ponce Pita, oficial administrativo do Negociado de Participación e Comunicación.		
Asistencia técnica:	Olalla López Barro e Andrea Rico Adegá da empresa Rexenerando S. Coop. Galega		
Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio:	8	Nº de homes:	6
		Nº de mulleres:	2

### Desenvolvemento da reunión:

Comeza a reunión coa intervención de Andrea Rico explicando que a asemblea desenvolverase coa seguinte estrutura: renovación de cargos (vicepresidencias da asemblea e representantes para o Consello da Veciñanza) e debate sobre as cuestións que máis lles preocupan ós veciños.

A continuación, intervén Álvaro Montes, concelleiro delegado de Participación, e informa do seguinte:

- o obxectivo nesta asemblea é que veciños e veciñas do barrio se presenten como candidatos/as para a renovación dos cargos.
- na asemblea deben estar presentes a maior parte dos membros do goberno das distintas áreas para ter un contacto máis directo cos veciños e recoller as súas demandas e para iso establecerase un calendario no ano 2017.
- informa que dende a concellería de Participación desenvolverase un obradoiro de participación destinado ó alumnado dos centros educativos de Ferrol, un foro cívico da 3ª idade, que se están a constituír os consellos sectoriais (con respecto ó de Lingua atópase en fase de aprobación do seu regulamento) e que no último trimestre do ano está previsto a constitución e celebración do Consello da Veciñanza como punto de encontro de entidades e veciños.

De seguido, Olalla López preguntalles ós asistentes se alguén desexa presentar a súa candidatura. Non se presenta ninguén e iníciase un debate no que interveñen diversos veciños e veciñas, e

recóllense a modo resumo as seguintes conclusións:

- Dende o Concello non se está a facer traballos previos nin se transmite ilusión ós veciños e veciñas.
- Non se dá solución a necesidades que deben ser resoltas de xeito urxente.
- Hai que resolver o problema de como motivar a xente xa que hai falta de comunicación entre os veciños e veciñas, o que provoca o inmovilismo, e non pode recaer soamente nas asociacións de veciños tratar de mobilizar á xente.
- Non se arranxan as beirarrúas (están a caer xente) nin se está a facer a roza de pistas no barrio; tampouco o Concello lles dá resposta ás necesidades de que o que se vai facer, de se se pode facer ou non.
- A concellería da Zona Rural debería convocar e visitar as parroquias para tratar de coñecer as súas necesidades e os problemas existentes, así como falar coas asociacións veciñais.
- Non hai transporte, por exemplo, para facer as análises no centro de saúde de Serantes.
- Non se fai con antelación nin de xeito óptimo a convocatoria e publicidade deste proceso asembleario.
- Existe desmotivación nos veciños e veciñas xa que en anteriores procesos participativos fixéronse moitas propostas que non se executaron.
- As asociacións de veciños afrontan o problema da renovación dos cargos das xuntas directivas, de que ninguén se presenta e que seguen a ser os mesmos.
- Deberíase volver á etapa de que as parroquias traballasen conxuntamente en vez de que cada unha mire polo seu.
- Cos anos a participación dos veciños e veciñas foi diminuindo; o Concello debería achegar os recursos e medios necesarios para convencer á xente e mellorar a participación.
- Estase a cometer os mesmos erros que en anteriores procesos: constituír rapidamente as asembleas de barrio e o Consello da Veciñanza, hai que traballar cos veciños e veciñas, así como mobilizalos.
- É necesario un equipo de xente co que traballar todo o ano.

Agradecendo a presenza dos asistentes, dáse por rematada a reunión ás 19:49 h.

O Concelleiro delegado titular da área  
de Participación, Seguridade e Tráfico,  
Emprego e Normalización Lingüística,

Asdo.: José Álvaro Montes Celeiro

O traballador municipal,

Asdo.: José Ramón Ponce Pita